

A voz como instrumento



UN INSTRUMENTO MUSICAL!

A voz é o instrumento máis antigo que todas as persoas posuimos. Está relacionado coa característica do timbre e coñecer mínimamente o funcionamento da nosa voz nos permitirá axudar a cantar e a falar correctamente.



A educación vogal

As persoas que usan a voz, ben sexa para cantar como para falar en público, deben dominar a respiración. Mediante a educación vogal pódese acadar que unha voz mediocre pase a ter bastante calidade. Para educar a voz o primeiro que debes coñecer é a túa **tesitura vogal**, é dicir, o ámbito de notas que podes acadar con calidade tímbrica, dende a máis grave ata a máis aguda..

O instrumento da voz

Aparato respiratorio	No canto debe realizarse unha respiración onde se use todo o espazo pulmonar , enchendo primeiro a parte inferior dende o diafragma e logo a parte superior. A respiración completa ou DIAFRAGMÁTICA é a máis indicada para o canto e a máis beneficiosa para a saúde.
Aparato fonador	● É onde se produce a vibración do son. ○ O aire almacenado nos pulmóns flúe impulsado polo diafragma e chega ata as cordas vogais.. ● As cordas vogais alóxanse na larinxe. ○ Son dous pequenos tendóns que se tensan e vibran co paso do aire, producindo son.
Aparato resoador	● Permite amplificar o son e funciona como caixa de resoancia. ○ O son producido nas nosas cordas vogais amplifícase co emprego dos resoadores. ● Os resoadores son fundamentais para que a voz teña potencia e calidade sonora. ○ Os resoadores máis importantes son os faciais (cara e cabeza, para os sons agudos) e os do peito (cavidade torácica para os graves) .

Música Clásica ou culta e Música Pop urbana

Música Clásica

A música culta , especialmente, nos xéneros como a ópera, a zarzuela, etc., requiren de voces moi potentes e con ampla tesitura que utilizan ao máximo as capacidades do aparato fonador e, sobre todo, dos resoadores.

Díse que son **voces moi impostadas** (educadas, con ampla tesitura e que utiliza ao máimo as posibilidades do aparato fonador e os resoadores).

Música Urbana

Noutros xéneros como o pop ou o jazz **búscase máis naturalidade na proxección da voz e con outros efectos moi característicos**. Por exemplo no **jazz** búscase unha **voz rasgada e gutural**, pensa en Louis Armstrong, ou no **rock** se a voz imita a unha guitarra eléctrica adoita ser **chillona e estridente** (AC/DC).

Voces especiais

	A voz de CONTRATENOR ou FALSETE é un tipo de voz impostada que emiten algúns homes que son capaces de acadar a tesitura dunha muller, utilizando un rexistro sobreagudo .
	Na música pop e no heavy metal moitos cantantes que tamén utilizan este falsete para lograr efectos vogais, mais neste caso considéranse falsetes e non contratenores, denominación que se aplica máis aos cantantes de música culta
	As VOCES BRANCAS son as voces de nenos ou nenas antes de chegar á pubertade.
	Cantar A CAPELLA quere dicir que o canto individual ou en grupo se interpreta sen ningún tipo de acompañamento instrumental.